

## **Lei 12/1996, do 27 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia**

### Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 382, do 23.12.1995.

Emendas, BOPG núm. 412, do 22.2.1996.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 550, do 11.11.1996.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 559, do 26.11.1996.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 563, do 30.11.1996.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 122, do 10.12.1996.

### Publicación:

*Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 571, do 18.12.1996.

*Diario Oficial de Galicia* núm. 12, do 20.1.1997.

*Boletín Oficial del Estado* núm. 69, do 21.3.1997.

## **Lei 12/1996, do 27 de decembro, de creación do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia**

A Asociación Galega de Podoloxía, que ten como fins esenciais a ordenación do exercicio da profesión de podólogo, a defensa dos seus intereses profesionais e a representación destes, por decisión unánime da súa Asemblea Xeral, acordou solicita-la creación dun Colexio Profesional de Podólogos con ámbito na Comunidade Autónoma de Galicia.

Polo Decreto 727/1962, do 29 de marzo, reconécese e reguláméntase a especialidade de podoloxía para os axudantes técnicos sanitarios, constituíndo a dita especialidade, dentro das profesións sanitarias, unha rama en crecente progresión, independizada das disciplinas afíns.

O Real decreto 649/1988, do 24 de xuño, estrutura as ensinanzas de podoloxía como estudos de primeiro ciclo universitario, sinala as directrices xerais dos seus plans de estudio e crea o título de diplomado en podoloxía, alcanzando esta profesión un nivel de independencia académica do que antes non gozaba.

De acordo co establecido no artigo 36 da Constitución española, ó abeiro do disposto no artigo 27.29 do Estatuto de autonomía de

Galicia e de acordo co disposto no artigo 4.1 e demais concordantes da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, modificada pola Lei 74/1978, do 26 de decembro, considérase oportuna a creación do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia, no que se integrarán os profesionais que, dispoñendo dos coñecementos e da titulación necesarios e suficientes, exerzan esta profesión.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de creación do Colexio Oficial de Podólogos de Galicia.

### **Artigo 1**

Créase o Colexio Oficial de Podólogos de Galicia, como corporación de dereito público, con personalidade xurídica e capacidade de obrar plena para o cumprimento dos seus fins e o exercicio das súas funcións.

### **Artigo 2**

O ámbito de actuación do Colexio Oficial de Podólogos de Gali-

cia será o territorio desta Comunidade Autónoma.

### Artigo 3

Poderán integrarse no Colexio Oficial de Podólogos de Galicia os que posúan o título de diplomado en podoloxía de conformidade co Real decreto 649/1988 e coas súas normas de desenvolvemento e aqueles que, en virtude do recoñecemento de dereitos profesionais efectuados pola dita normativa, posúan o diploma de podólogo, regulamentado polo Decreto 727/1962, do 29 de marzo.

#### Disposición transitoria primeira

A Asociación Galega de Podoloxía designará unha Comisión Xestora que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor desta lei, aprobe uns estatutos provisionais do Colexio Oficial de Podólogos, nos que se regulará a Asemblea Colexial Constituínte, tendo en conta o censo de profesionais que se aprobe para o efecto, coa previsión da forma de convocatoria e do procedemento de desenvolvemento dela.

#### Disposición transitoria segunda

A Asemblea Constituínte deberá:

- a) Elaborar e aproba-los estatutos definitivos do Colexio.
- b) Elixi-los membros dos seus órganos colexiais de goberno.

#### Disposición transitoria terceira

A acta da Asemblea Constituínte, que integrará os estatutos do Colexio, remitiráselle á Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, para a cualificación da súa legalidade e a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Disposición transitoria cuarta

Os que exerzan a actividade de podólogos con titulacións anteriores á fixada no Decreto 727/1962 e cumpran os requisitos establecidos na disposición transitoria segunda do Real decreto 649/1988 poderán ser membros do Colexio se demostran que exerceron continuamente esta actividade durante un período de tempo non inferior ós cinco anos anteriores á entrada en vigor desta lei, e deberán integrarse nel no prazo de tres anos desde a entrada en vigor desta lei.

#### Disposición derradeira

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 1996

Manuel Fraga Iribarne  
Presidente